

ORDENANZA Nº 7

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS POLO CONCELLO DO ROSAL

ARTIGO 1.- CONCEPTO

- A) De acordo co disposto no artigo 148 e 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais este Concello establece o Prezo Público pola prestación de actividades culturais e deportivas, que se rexirá polo que dispón esta Ordenanza.
- B) Poderán ser usuarios de tales actividades culturais ou deportivas tódalas persoas físicas que soliciten do Servicio a súa participación nas mesmas.

ARTIGO 2.- SUXEITOS OBRIGADOS O PAGAMENTO

Son suxeitos obrigados ó pago as persoas físicas, que habendo solicitado a súa participación nas actividades culturais ou deportivas organizadas, sexan admitidas polo Servicio correspondente.

ARTIGO 3.- ACTIVIDADES GRAVADAS

Constitúe servicio ou actividade gravada por este Prezo Público:

- 1.- A prestación de **actividades culturais** consistentes en pintura, manualidades e outras análogas.
- 2.- A prestación de **actividades deportivas** consistentes en ximnasia de mantemento, ximnasia funcional, baile latino, ioga, e outras de natureza análoga.
- 3.- A prestación de actividades culturais e deportivas **de verán** para nenos como xogos ó aire libre, sendeirismo e outras de natureza análoga.

ARTIGO 4.- CONTIA DAS ACTIVIDADES GRAVADAS

1. O importe do Prezo Público fixado cubrirá, como mínimo, o custo das actividades prestadas, podendo fixarse un prezo público por debaixo do custo cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen.

2. A contía do Prezo Público determinarase aplicando as tarifas seguintes en cada actividade:

2.1. Actividades culturais consistentes en pintura, manualidades e outras análogas:

Oito mensualidades de 18 euros/mes.

2.2. Actividades deportivas consistentes en:

- ximnasia de mantemento: Oito mensualidades de.....15 euros/mes.
- ximnasia funcional: Oito mensualidades de12 euros/mes.
- baile latino: Oito mensualidades de.....13 euros/mes.
- ioga: Oito mensualidades de18 euros/mes.

2.3. Actividades culturais e deportivas de verán para nenos:

- cunha duración de 20 días.....cota de 24 euros.
- cunha duración de 11 días.....cota de 12 euros.

3.- O Concello do Rosal resérvase o dereito de programar cursos ou actividades de carácter gratuíto ou cunha redución de contías de ata un porcentaxe do 50% para determinados colectivos que se consideren desfavorecidos, previo informe da área de Servizos Sociais.

4.- Nos cursos de verán, os nenos que acrediten formar parte de familia numerosa, verán reducida a contía nun 50%.

ARTIGO 5.- OBRIGA DE PAGAMENTO

1.- A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados nesta Ordenanza nace coa formalización das correspondentes matrículas para o curso ou actividade de que se trate.

2.- A matrícula e os restantes dereitos de inscrición aboaranse dunha soa vez ó realiza-la mesma.

No caso de actividades nas que se pague unha única cota durante o curso, o importe da matrícula corresponderá á cota do curso, e haberá de aboarse con carácter previo ó inicio do mesmo.

No caso de actividades con cotas periódicas, o importe da matrícula corresponderá ó último mes de actividade, tendo que aboarse previamente ó inicio do curso.

3.- As mensualidades deberán satisfacerse mediante transferencia bancaria á conta designada polo Concello. Non obstante, tamén poden ser obxecto de domiciliación bancaria, debendo, nestes casos, os solicitantes dos cursos, firmar a correspondente autorización a fin de domicilia- los recibos.

4.- A renuncia á participación, unha vez iniciada a prestación do servizo, non dará lugar a devolución ningunha.

5.- Se a día 11 de cada mes se constatara que o participante nos cursos, non abonou o importe da mensalidade, producirase a perda do dereito de continuar nos mesmos, sendo chamado a participar o seguinte na lista de espera obrante no Concello.

6.- As débedas non satisfeitas nos termos deste artigo esixiranse por Vía de Prema de acordo co que dispón o Regulamento Xeral de Recadación.

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTIÓN. PAGAMENTO

1.- As persoas interesadas na realización das actividades ofertadas, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, a correspondente solicitude en impreso facilitado polo Concello.

2.- A admisión nos cursos se realizará por rigoroso orden de inscrición. En caso de cubrirse as prazas ofertadas, se abrirá unha lista de espera, que se rexerá polo criterio de selección anterior.

3.- Unha vez que se reúna o número mínimo de persoas preinscritas que faga posible e viable a realización da actividade cultural ou deportiva anteriormente regulamentada, os interesados en participar, deberán aportar, no prazo de 10 días hábiles, dende o requirimento efectuado pola Administración:

- Certificado de empadramento.
- Fotocopia compulsada do D.N.I. do solicitante ou Libro de Familia en caso de tratarse dun menor.
- Fotocopia compulsada do Libro de familia numerosa, en caso de tratarse de familia numerosa e querer disfrutar da bonificación prevista para as actividades de verán para nenos.
- Fotocopia do documento acreditativo do pago da cota total, en caso de cursos nos que se pague unha única cota, ou da matrícula correspondente ó último mes, en caso de cursos con mensualidades periódicas.

A non presentación en prazo da citada documentación supoñerá a non inscrición na actividade.

4.- Se unha vez iniciada a actividade, as baixas de alumnos deixan o curso por debaixo do número mínimo de participantes, o Concello poderá suspender a mesma.

5.- O número mínimo de participantes en cada un dos cursos se determinará no programa de actividades do Concello, e sempre con carácter previo ó inicio dos cursos.

ARTIGO 7.- OUTRAS OBRIGAS

Os solicitantes das actividades deberán estar ó corrente no pago das débedas contraídas co Concello do Rosal.

Nos supostos en que a actividade a desenvolver, previa autorización, non se encontre tarifada na presente Ordenanza ou resulte necesaria a modificación ou actualización das contías, delegáse na Comisión de Goberno, conforme o **artigo 23.2 b) da Lei 7/85, de 2 de Abril**, o establecemento da tarifa a proposta do Servicio encargado da súa coordinación co previo informe da Intervención Municipal.

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor e comezará a aplicarse ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo.: Jesús María Fernández Portela